

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE MOAÑA
CELEBRADA O DÍA 28 DE NOVEMBRO DE 2013**

<u>ASISTENTES</u>	
	GRUPO POLÍTICO
<u>ALCALDE:</u>	
D. José Fervenza Costas	PP
<u>CONCELLEIROS/AS:</u>	
D ^a . Susana Varela Santiago	PP
D. Jorge Santomé Gestido	PP
D ^a . María Colomba López Freire	PP
D ^a . Rosa Solla Veiga	PP
D ^a . María del Carmen Maya Santomé	PP
D ^a . Raquel Carro Sequeiros	PP
D ^a . María del Carmen Regueira Fernández	PP
D. Xosé Manuel Millán Otero	BNG
D ^a . María Martínez Nogueira	BNG
D ^a . María Beatriz Riobó Rouco	BNG
D. Odilo Barreiro Martínez	BNG
D ^a . María Libertad Cruz Couso	BNG
D ^a . Araceli Gestido Rodríguez	BNG
D ^a . Coral Ríos Santomé	BNG
D ^a . Marta Freire Riobó	PS de G-PSOE
D. María Dolores Miranda Costas	PS de G-PSOE
<u>SECRETARIO:</u>	
D. Adamantino Barreiro García	
<u>AUSENTES:</u>	

En Moaña, o 28 de novembro de 2013, xoves, ás 20.00 horas no salón de plenos da Casa do Concello, tras a convocatoria para o efecto, reúnen-se, en primeira e pública convocatoria, os señores concelleiros e as señoras concelleiras que se relacionan na marxe, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Pleno da Corporación do Concello de Moaña.

A todos/as os/as asistentes entregóuselles copia da orde do día, cos asuntos para tratar, poñéndose á súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente.

Estando presente o quórum necesario, o Sr. presidente declara validamente constituída a sesión.

ORDE DO DÍA

- 1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior
- 2º.- Toma posesión da concelleira do

BNG, D^a Araceli Gestido Rodríguez

- 3º.- Toma posesión da concelleira do PP – Raquel Carro Sequeiros
- 4º.- Toma posesión da concelleira do PP – M^a del Carmen Regueira Fernández
- 5º.- Resolúcións da Alcaldía
- 6º.- Apoio á conmemoración do Día contra a Violencia de Xénero
- 7º.- Información sobre a *Mesa de Asesoramento aos afectados pola emisión de obrigacións preferentes e subordinadas de Novagalicia Banco*
- 8º.- Proposta da Alcaldía sobre modificación da Ordenanza de venda ambulante para os días festivos.
- 9º.- Proposta de aprobación de Ordenanza reguladora da actividade de furanchos
- 10º.- Corrección de erros do Plan xeral
- 11º.- Moción da Federación de AAVV A CHAMUSCA sobre proposta de modificación do Regulamento de participación veciñal
- 12º.- Moción do grupo municipal do BNG contra a suba do canon do SOGAMA
- 13º.- Moción do grupo municipal do BNG solicitando a paralización da venda de Novagalicia Banco
- 14º.- Moción do grupo municipal do PSG-PSOE de rexeitamento á suba do canon polo tratamento do lixo de SOGAMA
- 15º.- Rogos e preguntas

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

O Sr. presidente dá conta do borrador da acta da sesión anterior, correspondente á sesión ordinaria que tivo lugar na data do 31 de outubro de 2013, e pregunta se algún membro da Corporación desexa formular observacións ou rectificacións a esta.

Intervén dona Marta Freire Riobó, quen sinala que na páxina 25 da acta non consta o rexeitamento do Concello de Moaña a calquera tipo de taxa por préstamo ou uso das bibliotecas públicas. O texto que debe figurar é o seguinte:

Dona Marta Freire sinala que o Grupo Socialista vai a apoiar a moción presentada pola Chamusca, pero visto que o Partido Popular en Madrid está revisando o Regulamento das Bibliotecas públicas e teñen a intención de establecer o "Préstamo de Pago" solicito á AAVV A Chamusca que permitan incorporar un novo acordo na súa moción no que se exprese o Rexeitamento do Concello de Moaña a calquera tipo de taxa por préstamo ou uso das Bibliotecas Públicas.

Francisco Ferreira, en representación da AAVV A Chamusca, traslada que aceptan a proposta da voceira do PSOE polo que se procede a súa incorporación entre os acordos da Moción.

Intervén dona María Martínez quen indica que na páxina 32 consta a intervención de María Libertad Cruz, debe ser substituída por María Martínez.

Sometido o borrador da acta a votación, é aprobada, por unanimidade dos trece membros presentes, dun total de dezasete que compoñen a Corporación, a acta correspondente á sesión ordinaria que tivo lugar na data do 31 de outubro de 2013, debendo introducir as seguintes modificacións:

- **Na páxina 25** (penúltimo parágrafo): Dona Marta Freire sinala que o Grupo Socialista vai apoiar a moción presentada pola Chamusca, pero visto que o Partido Popular en Madrid está revisando o Regulamento das bibliotecas públicas e teñen a intención de establecer o "Préstamo de Pago" solicito á AAVV A Chamusca que permitan incorporar un novo acordo na súa moción no que se exprese o rexeitamento do Concello de Moaña a calquera tipo de taxa por préstamo ou uso das bibliotecas públicas.

Francisco Ferreira, en representación da AAVV A Chamusca, traslada que aceptan a proposta da voceira do PSOE polo que se procede a súa incorporación entre os acordos da moción.

- **Na páxina 32** (primeiro e cuarto parágrafo): Onde di intervén dona María L. Cruz, debe dicir "Intervén dona María Martínez".

2º.- TOMA POSESIÓN DA CONCELLEIRA DO BNG, Dª ARACELI GESTIDO RODRÍGUEZ

O Sr. Alcalde informa de que, coa data do 20/11/2013, recibíuse da "Junta Electoral Central", a credencial de concelleira dona ARACELI GESTIDO RODRÍGUEZ que estaba incluída na lista de candidatos e candidatas presentada polo Bloque Nacionalista Galego, nas eleccións locais do 22 de maio de 2011, en substitución, por renuncia, de don Daniel Rodas Chapelá.

A concelleira formulou a declaración de bens patrimoniais así como declaración sobre causas de posible incompatibilidade e sobre actividades que proporcionen ou poidan proporcionar ingresos económicos para os efectos da súa inscrición no correspondente rexistro de intereses, tal como está previsto no artigo 75 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

A continuación, dona ARACELI GESTIDO RODRÍGUEZ presta xuramento ou promesa segundo dispón o artigo 108 da LOREG, baixo a fórmula que establece o Real decreto 707/1979, do 5 de abril, (BOE do día 6/05/1979). Á pregunta: «**Promete ou xura pola súa conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de CONCELLEIRA do Concello de Moaña con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado e o Estatuto de Autonomía de Galicia?**». Responde: Prometo.

Unha vez xurado ou prometido o cargo e considerando que se cumpriron os requisitos legalmente previstos para a adquisición da condición de concelleira, o Pleno da Corporación declarará que tomou posesión no cargo, e a súa adscrición ao grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego.

A intervención dos distintos grupos políticos realízase ao finalizar a toma de posesión de todas as

concelleiras.

3º.- TOMA POSESIÓN DA CONCELLEIRA DO PP – RAQUEL CARRO SEQUEIROS

O Sr. Alcalde informa de que, coa data do 25/11/2013, recibíuse da “Junta Electoral Central”, a credencial de concelleira dona RAQUEL CARRO SEQUEIROS que estaba incluída na lista de candidatos e candidatas presentada polo Partido Popular, nas eleccións locais do 22 de maio de 2011, en substitución, por renuncia, de don Ángel Manuel González Riobó, e previa renuncia anticipada de don Juan José Tenorio Miranda, dona María Luísa Santomé Faria e don Diego Manuel Cordeiro Palmás.

A concelleira formulou a declaración de bens patrimoniais así como declaración sobre causas de posible incompatibilidade e sobre actividades que proporcionen ou poidan proporcionar ingresos económicos para os efectos da súa inscrición no correspondente rexistro de intereses, tal como está previsto no artigo 75 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

A continuación, dona RAQUEL CARRO SEQUEIROS presta xuramento ou promesa segundo dispón o artigo 108 da LOREG, baixo a fórmula que establece o Real decreto 707/1979, do 5 de abril, (BOE do día 6/05/1979). Á pregunta: «**Promete ou xura pola súa conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de CONCELLEIRA do Concello de Moaña con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado e o Estatuto de Autonomía de Galicia?**». » Responde: Prometo.

Unha vez xurado ou prometido o cargo e considerando que se cumpriron os requisitos legalmente previstos para a adquisición da condición de concelleira, o Pleno da Corporación declarará que tomou posesión no cargo, e a súa adscrición ao grupo municipal do Partido Popular.

A intervención dos distintos grupos políticos realízase ao finalizar a toma de posesión de todas as concelleiras.

4º.- TOMA POSESIÓN DA CONCELLEIRA DO PP – M^a DEL CARMEN REGUEIRA FERNÁNDEZ

O Sr. Alcalde informa que coa data do 25/11/2013, recibíuse da “Junta Electoral Central”, a credencial de concelleira dona MARÍA DEL CARMEN REGUEIRA FERNÁNDEZ que estaba incluída na lista de candidatos e candidatas presentada polo Partido Popular, nas eleccións locais do 22 de maio de 2011, en substitución, por renuncia, de don José Freire Cancelas, e previa renuncia anticipada de don José Juan Piñeiro Pose, Dona Marta Cao Cancelas e dona Manuel Pena Pastoriza.

A concelleira formulou a declaración de bens patrimoniais así como declaración sobre causas de posible incompatibilidade e sobre actividades que proporcionen ou poidan proporcionar ingresos económicos para os efectos da súa inscrición no correspondente rexistro de intereses, tal como está previsto no artigo 75 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

A continuación, dona MARÍA DEL CARMEN REGUEIRA FERNÁNDEZ presta xuramento ou promesa segundo dispón o artigo 108 da LOREG, baixo a fórmula que establece o Real decreto 707/1979, do 5 de abril, (BOE do día 6/05/1979). Á pregunta: «**Promete ou xura pola súa conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de CONCELLEIRA do Concello de Moaña con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado e o Estatuto de Autonomía de Galicia?**». » Responde: Prometo.

Unha vez xurado ou prometido o cargo e considerando que se cumpriron os requisitos legalmente previstos para a adquisición da condición de concelleira, o Pleno da Corporación declarará que tomou posesión no cargo, e a súa adscrición ao grupo municipal do Partido Popular.

O Sr. Alcalde deséxalles darlles ás tres concelleiras a benvida como membros da Corporación, e deséxalles sorte e felicitaas como novas concelleiras.

Dona Marta Freire dálles a benvida e deséxalles sorte a todas as novas concelleiras polo ben da veciñanza e de Moaña.

Dona Susana Varela dálles a benvida ás novas concelleiras e pídelles que loiten polo ben do pobo.

Don Xosé Manuel Millán dálles a benvida ás tres concelleiras e en nome do BNG que contén, dentro da xusta medida, coa súa colaboración. Deséxalles éxitos e sorte a todas as concelleiras.

Dona Raquel Carro sinala que o fará o mellor que poida polo ben de todos os veciños e veciñas.

5º.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía comprendidas entre o 30/10/2013 e o 26/11/2013.

O Pleno da Corporación dáse por informado.

6º.- APOIO Á CONMEMORACIÓN DO DÍA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

Dona María Carmen Maya dá lectura a Declaración Institucional consensuada entre todas as forzas políticas do Concello, que literalmente di:

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO CONCELLO DE MOAÑA NO DÍA INTERNACIONAL PARA A ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO

25 DE NOVIEMBRE DE 2013

Con motivo do Día internacional para a eliminación da violencia contra a muller, o Concello de Moaña manifesta o seu máis profundo rexeitamento a calquera forma de violencia exercida contra as mulleres.

A violencia, que nas súa distintas formas se exerce contra as mulleres, constitúe a máis clara manifestación das desigualdades que persisten entre mulleres e homes, constituíndo un atentado contra o dereito á vida, á seguridade e a liberdade, á dignidade e á integridade física e psíquica das vítimas e, polo tanto, un obstáculo para o desenvolvemento dunha sociedade máis xusta e igualitaria.

As situacións de violencia de xénero requiren unha resposta coordinada, eficaz e interdisciplinar por parte das distintas administracións.

A través da mellora da coordinación interinstitucional e da garantía dos dereitos que o noso ordenamento xurídico recoñece ás vítimas e ao seus fillos e fillas, preténdese alcanzar unha resposta máis eficaz, centrada na prevención da violencia de xénero, unha mellor protección das mulleres e dos seus fillos e fillas e unha atención personalizada que contribúa á súa recuperación integral.

Por iso, resulta imprescindible xuntar todos os esforzos para facer fronte a este grave problema público e social, apelando á unidade de todas as forzas políticas e das Administracións Públicas, contando coa implicación da sociedade no seu conxunto e apoiando o labor das organizacións especializadas da sociedade civil.

Consciente da necesidade de seguir avanzando neste ámbito, o Concello de Moaña reitera o seu compromiso co obxectivo de alcanzar unha sociedade libre de violencia na que as mulleres gocen da dignidade e os dereitos que lles son inherentes, como corresponde a unha sociedade libre e democrática.

O Sr. Alcalde pide un minuto de silencio por todas as mulleres falecidas, vítimas de violencia de xénero. A Corporación e público asistente posto en pé procede a gardar un minuto de silencio.

7º.- INFORMACIÓN SOBRE A MESA DE ASESORAMENTO AOS AFECTADOS POLA EMISIÓN DE OBRIGACIÓNS PREFERENTES E SUBORDINADAS DE NOVAGALICIA BANCO

O Sr. Alcalde informa de que houbo unha reunión na que estiveron presentes os tres grupos políticos con representación na Corporación pola problemática xurdida como consecuencia da emisión por parte de Novagalicia Banco de obrigacións preferentes e subordinadas que ten un gran número de persoas afectadas no Concello de Moaña. Nesa reunión acordáronse tres puntos:

Primeiro.- Levar a cabo medidas necesarias para paralizar a venda de Novagalicia Banco mentres non se solucione a dita problemática.

Segundo.- Apoiar todas e cada unha das peticións realizadas para a reapertura do proceso de arbitraje.

Terceiro.- Solicitar a aplicación dos beneficios da xustiza gratuíta a todas as persoas afectadas pola emisión das participacións, tanto para asesoramento de cada un dos seus casos, como para o exercicio das accións xudiciais e extraxudiciais oportunas para a defensa dos seus dereitos.

Intervén de entre o público don Humberto, quen pide desculpas por erro na data. Indica que isto está ben pero pide que vaia adiante. Pasou moito tempo, máis de dous anos de loita e moita da clientela de Novagalicia Banco non recuperou os cartos. A arbitraje sería o mellor e se non se consegue entón haberá que ir á xustiza gratuíta. A Ferrán danlle os cartos pero a nós non.

O Sr. Alcalde sinala que a partir do luns a ver se podemos poñer en práctica os tres puntos.

Don Humberto pide axuda económica, para autobuses ou outros gastos, como para sufragar as sancións doutros compañeiros, e pide a solución antes de que vendan a entidade.

O Alcalde indica que o luns porémonos en contacto e tratamos o tema.

Un veciño de entre o público pide a colaboración do Sr. Alcalde e pide que vaia a Xunta a falar co Sr. Feijoo para arranxar o problema como fixeron os de Ferrol que foron a Madrid.

Outra veciña pide que se coloque a pancarta que estaba no balcón do Concello. Retirouse cando foi o das traíñeiras e leva máis dun mes e medio retirada. Iso demostra que non estades con nós, e nin sabedes onde está a pancarta. O noso xa está esquecido, pero non nos imos ir.

8º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA DE VENDA AMBULANTE PARA OS DÍAS FESTIVOS

O Sr. Alcalde propón a retirada da orde do día do asunto.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos dezasete concelleiros presentes que compoñen a Corporación, acorda: retiralo da orde do día, en virtude do previsto no artigo 92 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro (ROF).

9º.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE ORDENANZA REGULADORA DA ACTIVIDADE DE FURANCHOS

Infórmase de que a Comisión Informativa de Ensino, Deporte, Igualdade, Servizos Sociais, Sanidade e Promoción Económica da data 26/11/2013, emitiu ditame favorable sobre a aprobación da proposta de Ordenanza reguladora da actividade de furanchos no Concello de Moaña.

O Sr. Alcalde le a súa proposta que literalmente di:

PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE APROBACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA ACTIVIDADE DE FURANCHOS NO CONCELLO DE MOAÑA.

A Xunta de Galicia aprobou o Decreto 215/2012, do 31 de outubro, polo que se regulan os Furanchos da Comunidade Autónoma de Galicia. Considérase necesario regular este tipo de locais que existen no noso Concello e adaptalos a esta normativa así como á Lei 7/2011, do 27 de outubro, de turismo de Galicia. Esta normativa será en todo caso de aplicación coas peculiaridades recollidas na presente ordenanza en relación ao ámbito territorial do Concello de Moaña.

Por tal motivo propónse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobado inicialmente a Ordenanza reguladora da actividade de furanchos no Concello de Moaña, nos termos expostos e que constan como anexo.

SEGUNDO.- Someter a citada ordenanza a información pública por un prazo de trinta días hábiles mediante inserción de anuncio e texto no taboleiro de anuncios do Concello e anuncio no Boletín Oficial da Provincia e diario provincial, para os efectos de que polos interesados se poidan presentar as reclamacións que coiden oportunas. No caso de que non se presente ningunha reclamación ou suxestión entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

- Intervén dona María del Carmen Maya, quen indica que a ordenanza se quixo consensuar cos grupos políticos, e tras a aprobación deberá expoñerse ao público. Sinala que é necesario regular os furanchos no Concello de Moaña.
- Dona Marta Freire indica que é necesaria unha ordenanza que regule esta actividade tradicional e a imos apoiar. Indica que hai lugares que non están habilitados para furanchos e agora isto regularase.
- Intervén entre o público don Luis Malvido Carrera, quen solicitou por escrito a quenda de palabra, manifesta a normativa existente dos furanchos. Sinala que nós estamos en contra dos furanchos que ofrecen comida, cervexa e bebida etiquetada; tamén estamos en contra dos intrusos que poñen o ramallo e se fan pasar por furancheiros. Estes fan unha competencia á hostalaría. O furancho é para viticultores e bodegueiros de Moaña que ás veces venden a bares ou directamente na adega ou no propio lugar. Tradicionalmente se colocaba un ramallo e anunciábase que se podía vender nas horas de comida e ao anoitecer. O viño tradicionalmente era vendido acompañado dunha tapa como chourizo da propia matanza. Os bares e restaurantes deixaron de vender este viño sen etiqueta por imposición da normativa. Así ao colleiteiro só lles quedaba vender directamente o viño xa que non temos unha denominación de orixe. Os viticultores de Moaña teñen como alternativa, si temos alternativa, vender o viño no furancho. Nos últimos anos os furanchos estaban regulados polos concellos. No ano 2008, o Decreto 116, que tratou de legislar os furanchos e os asimilaba a cafetarías ou bares, se lles prohibía manipular alimentos e nos convertía en vendedores de comida, cousa que non queremos. Posteriormente prodúcese a modificación da Lei de turismo. Moaña apoiaba unha moción á tradición do furancho. No ano 2008, chegamos a acordos con diversas asociacións de empresarios e hostaleiros e recóllese dous máis un mes de apertura. Das once tapas, acordáronse cinco mínimas por concello para acompañar o viño. Na actualidade está en vigor o Decreto 215/2012, do 31 de outubro, que regula a tradición furancheira, o colleiteiro que ten o viño propio, non comprado, e defende esta tradición de Moaña e de Galicia, pedindo o voto a favor da nova ordenanza.
- Dona Marta Freire pregunta ao Sr. Alcalde polo texto definitivo do artigo 14 referente ao horario.
- O Sr. Alcalde sinala que o horario é de 12.00 a 14.00 horas e de 19.00 a 24.00 horas.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación por unanimidade dos dezasete membros que compoñen a Corporación, acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a Ordenanza reguladora da actividade de furanchos no Concello de Moaña, nos termos expostos e que constan como anexo.

SEGUNDO.- Someter a citada ordenanza a información pública por un prazo de trinta días hábiles mediante publicación de anuncio e texto no taboleiro de anuncios do Concello e anuncio no *Boletín Oficial* da provincia e diario provincial, para os efectos de que as persoas interesadas poidan presentar as reclamacións que coiden oportunas. No caso de que non se presente ningunha reclamación ou suxestión entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

ANEXO

ORDENANZA REGULADORA DA ACTIVIDADE DE FURANCHOS NO CONCELLO DE MOAÑA

ARTIGO 1.- OBXECTO DA PRESENTE ORDENANZA

A presente ordenanza ten por obxecto a regulamentación dos establecementos denominados furanchos no Concello de Moaña, no marco do Decreto 215/2012, do 31 de outubro, polo que se regulan os furanchos da Comunidade Autónoma de Galicia (RFG) e da Lei 7/2011, do 27 de outubro, de turismo de Galicia (LTG). A dita normativa será en todo caso de aplicación coas peculiaridades recollidas na presente ordenanza en relación ao ámbito territorial do Concello de Moaña.

ARTIGO 2.- DEFINICIÓN DE FURANCHOS E DOS/AS SEUS/SÚAS TITULARES

Teñen a consideración de furanchos os locais utilizados principalmente como vivenda privada onde os/as seus/súas propietarios/as venden o excedente do viño da colleita propia xunto coas tapas que, de acordo co previsto na presente ordenanza, lles sirvan de acompañamento. O dito excedente será, como máximo, o que se obteña de aplicar á superficie da súa viña un rendemento máximo de 0,65 litros por metro cadrado.

Para os efectos da presente ordenanza serán titulares dos furanchos aquelas persoas que acrediten a titularidade de viñas propias no Rexistro Vitícola de Galicia, segundo o disposto no artigo 5 do RFG.

ARTIGO 3.- ÁMBITO DE APLICACIÓN

A presente ordenanza municipal regula a actividade das casas ou dependencias vinculadas a elas que teñan a consideración de furancho de acordo ao artigo 2 da presente ordenanza, que só poderán exercer a súa actividade conforme ao establecido nesta única e exclusivamente, dentro das zonas do termo municipal que se sinalan no artigo seguinte.

ARTIGO 4.- DELIMITACIÓN DAS ZONAS PARA EXERCER A ACTIVIDADE DOS FURANCHOS

As zonas do termo municipal de Moaña nas que se poden autorizar os furanchos son as seguintes:

- todo o termo municipal de Moaña

ARTIGO 5.- DOCUMENTACIÓN PARA PRESENTAR ANTES DO INICIO DA ACTIVIDADE

Os/as colleiteiros/as que pretendan desenvolver a actividade de furanchos, cunha antelación mínima dun mes con respecto ao inicio da actividade, deberán presentar no Concello unha declaración responsable, consonte co modelo recollido no anexo I da presente ordenanza, acompañada da documentación á que se refire o artigo 5.3 do RFG e, asemade:

- a) indicación da temporada de funcionamento, máximo 3 meses (entre o 1 de decembro e o 30 xuño ou 31 de xullo). Este último, en casos excepcionais terá que acreditarlo motivadamente o/a solicitante.
- b) Acreditación de ter realizado o pagamento da taxa correspondente, de acordo coa ordenanza fiscal de aplicación.
- c) Acreditación do seguro de responsabilidade civil que cubra a actividade do furancho durante a temporada de funcionamento.
- d) Indicación das tapas (máximo 5) que se pretenden ofertar no furancho, de entre as previstas no artigo 6 da presente ordenanza.

A declaración responsable terá os efectos e alcance previstos no artigo 71 bis da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común ou normativa vixente na materia.

ARTIGO 6.- TAPAS QUE PODEN OFERTAR OS FURANCHOS

Nos furanchos poderanse ofertar exclusivamente ata un máximo de cinco tapas de entre as seguintes:

- táboa de embutidos e queixos
- pementos variados de Padrón
- (*) orella - chourizo
- (*) zorza - raxo
- costela
- ovos fritos
- sardiñas ou xurelos á grella
- (*) callos con garavanzos ou feixóns
- (*) tortilla de patacas
- (*) empanada - empanadillas

ARTIGO 7.- DA PÓLIZA DE SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL

Conforme o establecido no artigo 5 da presente ordenanza, os e as titulares dos furanchos deberán contratar unha póliza de seguro de responsabilidade civil que deberá recoller o seguinte contido:

- a) Deberá cubrir os danos corporais, materiais e os prexuízos económicos que deriven do desenvolvemento da súa actividade que cubra a contía mínima de 90.000 euros.
- b) No suposto de que a póliza inclúa franquías, o límite máximo destas non poderá superar os 120 euros.
- c) As e os titulares dos establecementos están obrigados a manter en permanente vixencia a dita póliza.

ARTIGO 8.- REXISTRO MUNICIPAL DE FURANCHOS

O Concello creará, dentro do Servizo de Urbanismo (Negociado de Aperturas), un Rexistro Municipal de Furanchos de Moaña, para a inscrición de oficio de todos os furanchos que desexen exercer a súa actividade dentro do termo municipal de Moaña.

O concello de Moaña trasladará o seu contido aos órganos competentes en materia de turismo, medio rural e sanidade.

Os datos mínimos do Rexistro Municipal de Furanchos serán os establecidos no anexo III da presente ordenanza.

ARTIGO 9.- APERTURA DE FURANCHOS EN PERÍODOS SUCESIVOS

Unha vez inscrito o furancho no Rexistro Municipal de Furanchos, e para anos sucesivos, as e os titulares deberán acreditar ante o Concello, cunha antelación mínima de quince días con respecto á data de inicio do funcionamento, ter realizado as declaracións obrigatorias do sector vitivinícola ante o órgano correspondente da consellería competente en materia de agricultura. Sen o cumprimento deste requisito non poderán reanudar a actividade no ano correspondente.

ARTIGO 10.- CAMBIO DE PERÍODO DE APERTURA DOS FURANCHOS

A persoa titular do furancho deberá comunicar por escrito o cambio do período de apertura anual de funcionamento do furancho, cunha antelación mínima de quince días con respecto á data de inicio do seu funcionamento, que deberá axustarse ao disposto no artigo 5.a) da presente ordenanza.

ARTIGO 11.- CAUSA DE PECHE ANTICIPADO

O esgotamento ou falta de colleita de viño nun ano será causa xustificada para o peche do establecemento, sen que supoña unha baixa da actividade. Non obstante, os e as titulares estarán obrigados a comunicar tal circunstancia ao Concello de Moaña, para a correspondente anotación rexistral do peche temporal, no prazo de quince días contados con anterioridade á data prevista para o peche.

ARTIGO 12.- REQUISITOS HIXIÉNICO-SANITARIOS

En todo caso, as persoas titulares dos furanchos deberán observar os requisitos hixiénico-sanitarios establecidos no capítulo III e nos capítulos V a XII do anexo II do Regulamento 852/2004, do 29 de abril, relativo á hixiene dos produtos alimenticios, sempre que se cumpra que a actividade que leva a cabo o furancho se axusta ao indicado no capítulo III, así como os establecidos no Real decreto

3484/2000, do 29 de decembro, polo que se establecen as normas de hixiene para elaboración, distribución e comercio de comidas preparadas, aplicándose esta normativa, tendo en conta as características singulares e especiais da actividade dos furanchos.

ARTIGO 13.- IDENTIFICACIÓN DOS FURANCHOS

Os furanchos exporán, nun lugar visible, unha placa identificativa, que se renovará anualmente, coa clasificación de furancho e exhibirán o ramallo de loureiro. A devandita placa deberá ser solicitada no Concello, ao inicio da actividade e devolta ao remate desta.

ARTIGO 14.- HORARIO DE APERTURA DOS FURANCHOS

O horario de apertura dos furanchos establecerase de luns a domingo de 12.00 a 14.00 horas e de 19.00 a 24.00 horas. Este horario poderá ser ampliado media hora máis as noites que vaian de xoves a venres, de venres a sábados, de sábado a domingo, así como as noites anteriores aos festivos e a do festivo.

ARTIGO 15.- TRANSMISIÓN DOS FURANCHOS

O/a antigo/a titular do furancho e o/a novo/a titular deberán comunicar por escrito ao Concello o cambio de titularidade do furancho, consonte a documentación e modelo recollidos no artigo 13 do RFG e anexo II da presente ordenanza, quedando o/a novo/a titular suxeito a todas as obrigas que se deriven do exercicio da actividade.

No caso de facerse o cambio de titularidade antes do inicio da temporada de apertura do furancho, deberase comunicar cunha antelación mínima de quince días e se o cambio se efectúa durante o período de apertura do furancho, o/a novo/a titular só poderá desenvolver a actividade para esa temporada anual polo tempo que reste ata o remate do período de apertura que fora comunicado no seu día polo/a anterior titular.

ARTIGO 16.- CONTROL, VIXILANCIA E INSPECCIÓN DO CONCELLO

Presentada a documentación, o Concello de Moaña comprobará o cumprimento dos requisitos establecidos na normativa de aplicación e resolverá, no prazo máximo de seis meses, sobre a conformidade ou non do declarado e practicando a oportuna inscrición no Rexistro Municipal de Furanchos.

Á parte do anterior, o Concello resérvase a facultade de constatar en calquera momento a observancia e cumprimento das condicións necesarias para o desenvolvemento da actividade.

ARTIGO 17.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN

O incumprimento do preceptuado nesta ordenanza dará lugar á aplicación da normativa sancionadora vixente no ámbito das competencias sectoriais propias das administracións afectadas, de conformidade coas infraccións e sancións tipificadas na Lei de turismo de Galicia.

ARTIGO 18.- INTRUSIÓN PROFESIONAL

A realización ou a publicidade, por parte dos furanchos, da actividade propia das empresas de restauración reguladas na Lei 7/2011, do 27 de outubro, de turismo de Galicia, en contravención dos requisitos que lles son esixibles para o seu inicio, terán a consideración de intrusión profesional e sancionaranse administrativamente consonte o establecido na citada lei.

ARTIGO 19.- SUXEITOS RESPONSABLES

1. serán responsables administrativamente das infraccións cometidas nas materias relacionadas co funcionamento dos furanchos as persoas que figuren como titulares destes.
2. No caso de que sexan varias as persoas titulares, responderán de forma solidaria das infraccións cometidas e das sancións que se impoñan ao respecto.

ARTIGO 20.- CONCORRENCIA DE SANCIÓN

Non se poderán sancionar simultaneamente uns mesmos feitos constitutivos de infraccións penais e administrativas, nos casos en que se aprecie identidade de suxeito, feito e fundamento. Se da investigación dos feitos constitutivos das infraccións tipificadas nesta ordenanza se obteñen indicios de que estes poden constituír delito ou falta, suspenderase o procedemento e daráselle conta

ao Ministerio fiscal, sen prexuízo da adopción das medidas provisionais oportunas.

ARTIGO 21.- INFRACCIÓNS LEVES

Considéranse infraccións administrativas de carácter leve as previstas no artigo 109 da Lei de turismo de Galicia e, en particular, as seguintes:

- a) A modificación do período de apertura sen presentar unha nova solicitude ao Concello.
- b) A falta de comunicación ao Concello de Moaña nos supostos de transmisión e cambio de titularidade do furancho.
- c) A falta de comunicación ao Concello de Moaña de calquera cambio que afecte ao funcionamento do furancho, así como o cesamento da súa actividade, e a motivación dos ditos feitos.
- d) Non mostrar o distintivo oficial na entrada do furancho.
- e) Calquera incumprimento da normativa que non resulte cualificable como grave ou moi grave.

ARTIGO 22.- INFRACCIÓNS GRAVES

Considéranse infraccións administrativas de carácter grave as previstas no artigo 110 da Lei de turismo de Galicia e, en particular, as seguintes:

- a) A venda de produtos alimenticios que non sexan os especificados na presente ordenanza ou xunto coa declaración responsable presentada pola persoa responsable.
- b) O exercicio da actividade fóra da temporada autorizada para cadanseu furancho do xeito previsto na presente ordenanza.
- c) O incumprimento dos requisitos esixidos no artigo 4 apartados d) ou e) do RFG, caso de que o dito incumprimento non sexa reiterado e non afecte gravemente á saúde pública.
- d) Non facilitar anualmente a declaración obrigatoria á que se refire o artigo 4 b) do RFG ou non ter regularizada a viña no Rexistro Vitícola de Galicia do xeito previsto no apartado c) do mesmo artigo.
- e) A subministración de viño embotellado.
- f) A non presentación da declaración responsable previa ao da documentación esixida no artigo 5 da presente ordenanza.
- g) A venda de viño non orixinario do excedente do consumo propio procedente exclusivamente das súas viñas.
- h) A comisión de tres faltas leves durante unha mesma temporada de funcionamento.

ARTIGO 23.- INFRACCIÓNS MOI GRAVES

Considéranse infraccións administrativas de carácter moi grave as previstas no artigo 111 da Lei de turismo de Galicia e, en particular, as seguintes:

- a) Incumprimento dos requisitos esixidos no artigo 4 apartados d) ou e) do RFG, reiterado ou que entrañe especial gravidade para a saúde pública.
- b) Desenvolver a actividade nunha zona non expresamente declarada apta polo Concello para exercela.

ARTIGO 24.- PRESCRICIÓNS DAS INFRACCIÓNS E SANCIÓN

O réxime de prescrición de infraccións será o seguinte:

- As faltas leves prescribirán ao pasar un ano.
- As faltas graves prescribirán ao pasar dous anos.
- As faltas moi graves prescribirán aos tres anos.

As sancións impostas por faltas moi graves prescribirán aos tres anos, as graves aos dous anos, e as leves, ao pasar un ano.

ARTIGO 25.- DO RÉXIME DE SANCIÓN

Para a gradación das sancións, estarase ao previsto no artigo 116 da Lei de turismo de Galicia.

- a. infraccións leves: multas de 300 a 600 €
- b. infraccións graves: multas de 601 a 3.000 €
- c. infraccións moi graves: multas de 3.001 a 10.000 €

ARTIGO 26.- SANCIÓN

Poderanse impor as seguintes, accesorias das sancións graves ou moi graves.

- Clausura do establecemento de ata 1 mes no caso de infraccións graves.
- Clausura definitiva do establecemento no caso de infraccións moi graves.

ARTIGO 27.- PROCEDEMENTO SANCIONADOR

A tramitación do procedemento sancionador axustarase aos principios e procedementos establecidos con carácter xeral na normativa reguladora do exercicio da potestade sancionadora.

ARTIGO 28.- ÓRGANOS COMPETENTES PARA IMPOÑER AS SANCIÓN S

- Sanción s por infracción s leves e graves: O Alcalde.
- Sanción s por infracción s moi graves: O pleno do Concello.

ARTIGO 29.- DAS COMUNICACIÓN S

O Concello de Moaña comunicará, no exercicio dos seus labores de inspección, ás autoridades autonómicas nas materias competentes, os incumprimentos detectados na actividade dos furanchos. Do mesmo xeito, no suposto de que o Concello de Moaña teña constancia da prestación nos furanchos de servizos de restauración sen estar clasificados nalgún dos grupos de empresas de restauración que recolle o artigo 77 da Lei 7/2011, de turismo de Galicia ou normativa vixente na materia, porao en coñecemento, de xeito inmediato, do órgano competente en materia de turismo.

ANEXO I

MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE		
Datos da persoa declarante:		
Nome:		Como titular:
Apelidos:		NIF/NIE:
Domicilio:		Localidade:
Código postal:	Provincia:	Concello:
Teléfono:	Fax:	Correo electrónico:

DECLARO , baixo a miña responsabilidade: Que se cumpren os requisitos necesarios para exercer a actividade de furancho e que se manterán durante o desenvolvemento desta.
Lexislación aplicable: Decreto 215/2012, do 31 de outubro, polo que se regulan os furanchos da Comunidade Autónoma de Galicia.
Protección de datos: Todos estes datos quedan protexidos ao abeiro da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, especialmente do artigo 10 (a persoa responsable do ficheiro e quen interveña en calquera fase do tratamento dos datos de carácter persoal están obrigados/as ao segredo profesional no que se refire aos datos e ao deber de gardar, obrigas que subsistirán mesmo despois de finalizaren as súas relación s coa persoa titular do ficheiro ou, se é o caso, coa súa persoa responsable).

Sinatura:

....., de de 201....

ANEXO II

MODELO DE COMUNICACIÓNS DE CAMBIOS, BAIXAS DE ACTIVIDADE E TRANSMISIÓNS DA TITULARIDADE		
MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE		
Datos da persoa declarante:		
Nome:		Como titular:
Apelidos:		NIF/NIE:
Domicilio:		Localidade:
Código postal:	Provincia:	Concello:
Teléfono:	Fax:	Correo electrónico:

<p>EXPOÑO: Que pretendo realizar as seguintes comunicacións: 1. Solicitud de cambio de titular. Nome do/a novo/a titular</p> <p>2. Solicitud de denominación de furancho:</p> <p>3. Solicitud de baixa: o furancho cesa na súa actividade coa data:</p> <p>4. Outras:</p> <p>.....</p> <p>Por todo o exposto, SOLICITO que se teñan por realizados os cambios.</p>
<p>Lexislación aplicable: Decreto 215/2012, do 31 de outubro, polo que se regulan os furanchos da Comunidade Autónoma de Galicia.</p>
<p>Protección de datos:</p> <p>Todos estes datos quedan protexidos ao abeiro da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, especialmente do artigo 10 (a persoa responsable do ficheiro e quen interveña en calquera fase do tratamento dos datos de carácter persoal están obrigados ao segredo profesional no que se refire aos datos e ao deber de gardar, obrigas que subsistirán mesmo despois de finalizaren as súas relacións coa persoa titular do ficheiro ou, se é o caso, coa súa persoa responsable).</p>
<p>Sinatura:</p> <p>....., de de</p>

ANEXO III

REGISTRO MUNICIPAL DE FURANCHOS

Nome da persoa titular:

DNI:

Denominación do furancho:

Parroquia:

Domicilio no que se atopa o furancho:

DATOS DO REXISTRO VITÍCOLA DE GALICIA

- **Titular:**
- **Superficie viña:**
- **Litros de viño para vender:**

DATOS DA PÓLIZA DO SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL

- **Compañía:**
- **Póliza número:**

DECLARACIÓN RESPONSABLE

- **Data da declaración:**
- **Tapas que se van ofertar:**
- **Datos do proxecto técnico:**
 - **Facultativo/a:**
 - **Data do proxecto:**

PERÍODO DA APERTURA DO FURANCHO

-Ano 2013:

Modificacións nos anos sucesivos:

OBSERVACIÓNS

1. **Inspeccións realizadas:**

Cumpre Decreto 215/2012, do 31 de outubro

Incumprimentos detectados:

1. **Expedientes sancionadores, se é o caso.**
2. **Acreditación de ter realizado as declaración obrigatorias do sector vitivinícola (artigo 4 b) do RFG).**

Data da declaración:

TRANSMISIÓN DO FURANCHO

- **Novo/a titular:**
- **DNI:**
- **Data:**

CANCELACIÓN

- **Causa:**
- **Data:**

10º.- CORRECCIÓN DE ERROS DO PLAN XERAL

Infórmase de que a Comisión Informativa da data 26/11/2013 emitiu ditame favorable á aprobación da corrección de erros no Plan xeral.

O Sr. Alcalde le a súa proposta que literalmente di:

PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE CORRECCIÓN DE ERROS DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE MOAÑA.

O Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) do Concello de Moaña, aprobado definitivamente, de forma parcial, por Orde do 13 de xullo de 2011 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, e foi publicada no DOG nº 146, do 01.08.2011, a normativa e ordenanzas do plan aprobado definitivamente publicouse no BOP nº 216 do 10 de novembro de 2011.

*Os servizos técnicos municipais, emitiron un informe técnico sobre o ámbito de protección dos cemiterios existentes no vixente PXOM de Moaña. Nese informe indícase que a normativa sectorial de aplicación, concretamente o Decreto 134/1998, do 23 de abril, sobre policía sanitaria e mortuoria, nos artigos 46 e 47, sinalase que no entorno ao solo destinado a construción dun novo cemiterio establécese como zona de protección unha franxa de 50 metros de anchura totalmente libre de todo tipo de construción, medida a partir do peche exterior do cemiterio. Sen embargo, o noso Plan xeral inclúe dentro dos gráficos das principais servidumes e afeccións producidas pola lexislación sectorial vixente, o correspondente ás normas de protección de cemiterios incluíndo a referencia aos Decretos 134/1998, 133/1982 e 2263/1974. Recolle no cadro de normas de protección de cemiterios, unha franxa de protección de 50 metros totalmente libre de todo tipo de construcións para **cemiterios existentes**. Isto supón a aplicación a todos os cemiterios.*

*De tal xeito tras a corrección do erro onde di na actualidade **PARA CALQUERA CEMITERIO EXISTENTE**, pasará a dicir: **PARA CALQUERA CEMITERIO DE NOVA CONSTRUCIÓN**.*

Por tal motivo, propónse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

*PRIMEIRO.- Corrixir na normativa urbanística do Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) do Concello de Moaña, na páxina 60 do volume 5, dentro do cadro de gráficos das principais servidumes e afeccións producidas pola lexislación sectorial vixente, o correspondente ás normas de protección de cemiterios incluíndo a referencia aos Decretos 134/1998, 133/1982 e 2263/1974, de tal xeito que onde di: “para calquera cemiterio existente”, pasará a dicir: **PARA CALQUERA CEMITERIO DE NOVA CONSTRUCIÓN**.*

SEGUNDO.- A dita corrección de erros, en virtude do previsto no artigo 92 da Lei 9/2002, deberá publicarse no Boletín Oficial da Provincia e será remitido, así mesmo, á consellería competente en materia de Urbanismo, concretamente á Dirección Xeral de Urbanismo para a súa constancia.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación por unanimidade dos dezasete membros que compoñen a Corporación, acorda:

PRIMEIRO.- Corrixir na normativa urbanística do Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) do Concello de Moaña, na páxina 60 do volume 5, dentro do cadro de gráficos das principais servidumes e afeccións producidas pola lexislación sectorial vixente, o correspondente ás normas de protección de cemiterios incluíndo a referencia aos Decretos 134/1998, 133/1982 e 2263/1974, de tal xeito que onde di: “para calquera cemiterio existente”, pasará a dicir: **PARA CALQUERA CEMITERIO DE NOVA CONSTRUCCIÓN.**

SEGUNDO.- A dita corrección de erros, en virtude do previsto no artigo 92 da Lei 9/2002, deberá publicarse no *Boletín Oficial* da Provincia e será remitido, así mesmo, á consellería competente en materia de Urbanismo, concretamente á Dirección Xeral de Urbanismo para a súa constancia.

11º.- MOCIÓN DA FEDERACIÓN DE AAVV A CHAMUSCA SOBRE PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DE PARTICIPACIÓN VECIÑAL

Coa data do 09/11/2011, a Federación de AAVV A Chamusca presentou unha moción dirixida aos grupos políticos de Moaña. Literalmente di:

SR. PORTAVOZ DO GRUPO MUNICIPAL DO _____
Moaña

Con data 13 de setembro, a Federación de AAVV A CHAMUSCA presentou no rexistro municipal a proposta de moción que xuntamos.

Confianto en que esta moción poda ser debatida e votada no pleno municipal ordinario deste mes de novembro, ampliamos e concretamos a proposta de acordo co seguinte punto:

“Modificar o regulamento de participación veciñal incorporando un engadido ao artigo 14 do seguinte tenor:

Das mocions presentadas ao abeiro deste artigo e que fosen aprobadas, especialmente aquelas que acaden a votación unánime, darase información detallada do seu cumprimento ou estado da xestión correspondente en todos e cada un dos plenos ordinarios, introducindo ao efecto un punto fixo, despois da lectura e votación da acta anterior”

En Moaña, a 07 de novembro de 2013

➤ Intervén don Francisco Ferreira, quen manifesta que é unha moción atípica, unha moción de moción. Pero non é unha ocorrencia. Aquí viviuse durante meses sen sesións plenarias e comisións, impediuse a xestión porque os afectados amosaron o seu conflito aquí. Isto privou o exercicio democrático do Concello. E agora cabe preguntarse, qué sentido teñen as mocions. Aquí creouse un regulamento de participación veciñal. Non se puideron celebrar Plenos polo conflito de Novagalicia Banco, e isto produciuno indefensión. Os temas que se acordan por unanimidade nos Plenos non se cumpren. Pasou a festa e ninguén é garante de que se cumpran, e quere que se expliquen por que non se cumpren e que se dea unha explicación. Por exemplo, a cuestión da dirección única de Ramón Cabanillas, a oposición á instalación do parque eólico de Pedras Negras, o barco da fin de semana, por citar algunhas. Nós estamos “ata os collóns”. Non se debe sentir agraviado o Goberno actual. Esta é unha decisión que obriga a calquera goberno que estea no Concello. O que se pide é que nesas mocions veciñais se inclúa un punto no que o Goberno nos informe.

- Dona Marta Freire sinala que vai apoiar a iniciativa porque cremos que se pode caer na tentación de levantar a man e quedar os temas no esquecemento e non sabemos nada máis deles. Non temos resposta dalgunhas mocións. Hoxe tócalle a vostede como equipo de goberno actual, e no futuro tocaralle a outro.
- Don Xosé M. Millán indica que quere saber qué é o que se somete ao Pleno, o que imos votar.
- O Sr. Alcalde responde que é a proposta realizada pola AAVV a Chamusca.
- Dona Rosa Solla indica que non temos problema en apoiar a moción que se presenta. Recorda que dende aquí remítense as mocións aos organismos. Por exemplo, o tema da variante non quedou parada. Os acordos remítense e dáselles trámite. Durante o tempo en que non tivemos Plenos, nós non estivemos parados e recibiamos os veciños para arranxar os seus problemas.
- Dona Marta Freire indica que é obrigatorio tramitar as mocións. Por exemplo, a moción de transporte da ría, habería que realizar unha xestión por parte da concelleira responsable. Tamén na dos parques eólicos había prevista unha manifestación.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación por dez votos a favor, os do PP e PS de Galicia-PSOE, e a abstención do BNG, acorda:

Modificar o regulamento de participación veciñal incorporando un engadido ao artigo 14 do seguinte teor:

Das mocións presentadas ao abeiro deste artigo e que fosen aprobadas, especialmente aquelas que acaden a votación unánime, darase información detallada do seu cumprimento ou estado da xestión correspondente en todos e cada un dos plenos ordinarios, introducindo para o efecto un punto fixo, despois da lectura e votación da acta anterior.

- Don Xosé M. Millán desexa aclarar o sentido do seu voto. Indica que o seu grupo se abstén e ,non obstante, o Alcalde que é Alcalde dende fai dous anos, non se dá por aludido, e vota a favor da moción que está en contra do seu partido. O BNG cre no noso regulamento de participación veciñal, e non participamos nesta comedia do PP e espero que o inclúa no seguinte Pleno.
- O Sr. Alcalde indica que leva vostede facendo oposición inútil. O noso é facer o revés de vostede. No próximo Pleno non hai tempo para facelo, a nosa intención é a máxima transparencia. Non temos nada que ocultar, non enganamos a ninguén.
- O Sr. Xosé M. Millán indica que vostede está inventando.
- O Sr. Alcalde responde que vostede fixo maquetas.
- Intervén don Francisco Ferreira sinala que a cuestión produce debate. Sinala que “os cidadáns estamos ata os collóns” de que os partidos políticos prometan e non cumpran. Parécenos un insulto e unha falla de respecto. Débese cumprir o que se compromete, governe quen governe. A mensaxe da cidadanía é que estamos cansados e pedimos que nos tomen en serio.

12º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG CONTRA A SUBA DO CANON DO SOGAMA

Intervén dona Coral Ríos, quen indica que a promoción da reciclaxe que se propuxo no Morrazo, o PP tirouna abaixo, e para aforrar queimaron a merda e enterrárona, e agora o canon non fai máis que subir.

Dá lectura a continuación a moción que literalmente di:

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG CONTRA A SUBA DO CANON DE SOGAMA

A Lei 10/1997, de 22 de agosto, de residuos sólidos urbanos da Galiza, e o Plano de xestión dos residuos sólidos urbanos da Galiza atribúen a condición de xestor nas operacións do proceso de xestión de residuos á Sociedade Galega de Medio Ambiente S.A. (SOGAMA).

A xestión do tratamento de residuos encomendada a SOGAMA foi acompañada do establecemento dun canon por parte dos concellos, fixado en 55,91 euros por tonelada de lixo tratada e mais o IVE.

Agora, o goberno do PP introduce nos orzamentos da Xunta de Galiza a revisión do canon para acadar os 74,64 euros por tonelada tratada, sen IVE, o que val supor un incremento de preto do 34% para os máis de 290 concellos adheridos. A razón esgrimida é allea á relación entre os concellos e SOGAMA, ao ser unha decisión política adoptada polo Goberno central do PP na súa política de reforma do sector eléctrico, que impón recortes nas tarifas para percibir pola coxeración eléctrica. Ante a caída de ingresos que sufrirá SOGAMA pola xeración de enerxía, óptase por cargarlle á cidadanía novamente este recorte en lugar de o facer sobre os beneficios das empresas xeradoras de enerxía.

Esta medida unilateral do PP, sen coñecemento fin participación dos concellos adheridos no proceso de toma de decisión, pretende un incremento desproporcionado e abusivo que se repite, como noutros ámbitos por parte do Goberno do PP, pola adopción de medidas dirixidas a salvar ás grandes empresas corporativas transnacionais, e neste caso pola decisión cuestionábel da reforma eléctrica que favorece o oligopolio das grandes empresas enerxéticas, e penaliza as fontes de xeración alternativas.

Ademais, non só se pretende con esta suba compensar as perdas presentes e previsíbeis que ten SOGAMA, senón pasar a ter uns beneficios de preto de 7 millóns de euros a conta da cidadanía galega que verá repercutido este canon nos recibos que cobran polo servizo de recollida de lixo aos concellos. Este feito é especialmente grave cando SOGAMA nin sequera trata todo o lixo que recibe e carece de sentido transportalo para rematar nun vertedoiro.

Esta proposta de incremento desmesurado dos custos de tratamento do lixo por parte de SOGAMA vén a confirmar as denuncias feitas con anterioridade polo BNG sobre o fracaso do proxecto SOGAMA e o Plano de Residuos Sólidos Urbanos implantado polo PP na Xunta de Galiza. Os feitos acontecidos desde a aplicación dese plano demostran seren falsas as afirmacións -do Goberno galego e de SOGAMA- de que se trataba da opción máis respectuosa desde o punto de vista ambiental e con máis vantaxes económicas. Desde o punto de vista ambiental, SOGAMA insiste na incineración dos residuos sólidos urbanos co fin da súa valorización enerxética, sen ter en conta outros principios reitores no tratamento do lixo de maior importancia ecolóxica, como a redución, a reutilización directa e a reciclaxe de residuos, a compostaxe, e a proximidade no tratamento, cuxa consideración prioritaria no deseño dun modelo de xestión do lixo, ademais de supor un modelo de xestión máis sustentábel ambientalmente, traduciríase nunha contención de custos.

Ademais, os problemas detectados de acumulación de residuos e vertidos no complexo de SOGAMA demostran que nin sequera unha porcentaxe significativa dos residuos se valorizan ou se reciclan, senón que simplemente se enterran.

Por outra banda, desde a aprobación da Lei 10/1997, os sucesivos Gobernos do PP na Xunta tiveron empeño en impedir a existencia de plans alternativos como o iniciado no Morrazo, que foi desmontado por gobernos municipais do PP ou como o que se está a desenvolver pola Mancomunidade da Barbanza, que se executa a pesar do PP, que puxo trabas, sobre todo no que atinxe a acceder a axudas nas condicións cardo menos análogas ás que tivo SOGAMA. En todo caso, son modelos que priorizan a reciclaxe e compostaxe e mostran custos máis sensatos, para alén de crear máis emprego directo. De feito, a transformación de modelo de xestión dos RSU podería supoñer uns 2000 novos postos de traballo con base en proxectos de comarcalización, cun menor custo ambiental e redución do custo de transporte.

Cómpre lembrar a falta de colaboración dos gobernos do PP na Xunta de Galiza, pola decisión política de asignar, case na súa totalidade, os recursos públicos para o tratamento de residuos sólidos a financiar SOGAMA e afogar os modelos de xestión diferentes que se aparten da valorización enerxética do lixo. Mesmo planos estatais recolleron os criterios de proximidade no tratamento e que a fracción orgánica do lixo se tratase prioritariamente por procedementos distintos á incineración.

A Xunta de Galiza, a través de SOGAMA ou doutras entidades que se crearen, preferentemente de tipo comarcal, debe ofrecer á cidadanía e aos concellos galegos modelos de xestión dos residuos alternativos á incineración e ao vertido. Só dentro dun modelo así poden facer unha política de prezos que favoreza os tratamentos ecolóxicos (recollida selectiva de calidade, reciclaxe, compostaxe) e penalice a recollida sen separar e o vertido e a incineración. Nun escenario deste tipo podemos reducir fortemente os custos de tratamento e evitar o incremento das taxas. Mentres tanto, aumentar os pagos a SOGAMA é financiar a ineficiencia ambiental e a destrución de recursos e empregos.

Por todo isto, solicitamos do Pleno da corporación municipal a adopción do seguintes

ACORDOS

Instar á Xunta de Galiza a

1.- Retirar dos orzamentos do próximo ano o incremento previsto do canon de SOGAMA que deben satisfacer os concellos.

2.- Que calquera modificación que se pretenda pase obrigatoriamente por un consenso coa FEGAMP e cos concellos implicados, coa participación de SOGAMA e da Consellaría con atribucións en medio ambiente.

3.- Revisar en profundidade o Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galiza 2010-2020, eliminando a previsión de construír un nova incineradora de residuos urbanos e apoiando un modelo que supere Sogama, mediante proxectos comarcais de reciclaxe e compostaxe, que possibilite a creación de emprego e alcanzar os obxectivos e recollida selectiva e reciclaxe dos modelos en funcionamento máis avanzados.

Moaña 22 de novembro de 2013. –Xosé M. Millán Otero. Portavoz Municipal.

➤ Intervén dona Susana Varela quen indica que o PP está en contra da subida do canon de SOGAMA. Agora ben, non toda a culpa é do PP. En 1992, adheríronse a SOGAMA máis de 297 Concellos de forma voluntaria. A xestión dos residuos é unha competencia municipal e a finalidade foi axudar aos Concellos a eliminar os vertedoiros municipais. Dende o 2003 non se sube o canon por motivos enerxéticos, só se actualizaba co IPC. Por iso, agora sobe tanto. SOGAMA non reparte dividendos, e os beneficios van destinados a reservas. No 2006 e no 2007 repartíronse dividendos. Actualmente SOGAMA aumentou os seus gastos, fai recuperación de vidro e aceiro. Isto non xustifica só 1,2 millóns de euros anuais que se tiraron, e agora podería non subir tanto. Vostedes poñen o exemplo do Barbanza pero é complicado. Recorda que as tarifas de SOGAMA son das máis baixas de España e o canon é insuficiente segundo dixo unha consultora italiana. Cando gobernaba o bipartito o presidente de SOGAMA percibía 139.000 € con coche e chofer. A agora cobra 67.000 €. e non ten chofer. Nós estamos en contra do canon de SOGAMA, aínda que supoña un euro por veciño, pero non estamos de acordo coa exposición de motivos da moción.

➤ Dona Coral Ríos sinala que vas camiño de ser nomeada para SOGAMA. Sinala que nestes momentos estamos todos moi afogados, é o peor momentos para os concellos. Recorda que o Barbanza recicla máis que SOGAMA e non obstante non ten as axudas con que conta esta. SOGAMA recicla cada vez menos.

➤ Dona Susana Varela desexa replicar.

➤ Dona Coral Ríos indica que procede a votación da moción.

- Intervén dona María del Carmen Maya, quen indica que se ten medo de que lle conteste.
- Dona Coral Ríos indica: “Rabaleras”
- Dona María del Carmen Maya indica: “a ver si me lo dices fuera”.
- Dona Coral Ríos indica. “os espero na rúa”

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación por nove votos a favor, os do BNG e PS de Galicia-PSOE, e a abstención dos oito concelleiros do PP, acorda:

1.- Retirar dos orzamentos do próximo ano o incremento previsto do canon de SOGAMA que deben satisfacer os concellos.

2.- Que calquera modificación que se pretenda pase obrigatoriamente por un consenso coa FEGAMP e cos concellos implicados, coa participación de SOGAMA e da consellería con atribucións en medio ambiente.

3.- Revisar en profundidade o Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia 2010-2020, eliminando a previsión de construír un nova incineradora de residuos urbanos e apoiando un modelo que supere Sogama, mediante proxectos comarcais de reciclaxe e compostaxe, que posibilite a creación de emprego e alcanzar os obxectivos e recollida selectiva e reciclaxe dos modelos en funcionamento máis avanzados.

13º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOLICITANDO A PARALIZACIÓN DA VENDA DE NOVAGALICIA BANCO

Intervén don Odilo Barreiro, quen indica que fai seis anos que temos unha gran crise económica e o único culpable desa crese foi a desregularización do sistema bancario e o neoliberalismo. Os gobernos de Galiza e do Estado fan políticas para protexer a banca especulativa e asoballan os nosos dereitos e quedamos sen aforros e sen sistema financeiro. Así produciuse o roubo das preferentes e subordinadas. O FROB anunciou a venda de Novagalicia Banco para que recuperase só una parte dos nove mil millóns que se meteron de cartos públicos. Mentres outras entidades máis endebedadas e peor xestionadas como Bankia, considéranas unha entidade sistémica. Novagalicia Banco tamén o é para Galicia e xestiona un patrimonio básico para nós e presta servizos e ten un patrimonio cultural fundamental para Galicia, por iso opoñémonos a súa venda. Pide a devolución dos cartos das obrigacións preferentes e subordinadas e pide que se paralice a venda de Novagalicia Banco para poder defender as opcións das persoas afectadas. A continuación, dá lectura á moción do BNG que literalmente di:

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOLICITANDO A PARALIZACIÓN DA VENDA DE NOVAGALICIA BANCO

A importancia estratéxica para a Galiza da permanencia de Novagalicia Banco como Banco Galego Independente non se pode poñer en dúbida ao se tratar dunha ferramenta fundamental para a subsistencia na Galiza do aforro dos galegos e das galegas, a fin de que sexa destinado prioritariamente a fornecer de crédito para o desenvolvemento dos sectores estratéxicos da economía do país

Esta permanencia está ameazada poio anuncio do FROB de vender a entidade antes de rematar o ano a través dunha poxa, unha ameaza que afecta a Galiza mentres o goberno do Estado español respecta a permanencia de Bankia, entidade que se negan a vender por considerala unha entidade sistémica para España.

Mais para a Galiza, Novagalicia Banco, tamén é sistémica por centralizar o aforro de miles de galegos

e galegas, constituír un patrimonio económico fundamental para o desenvolvemento da nosa economía como pobo, prestar servizos na práctica totalidade dos concellos galegos e posuír un patrimonio cultural e de infraestruturas de vital importancia para Galiza,

A anunciada venda significaría un negocio ruinoso para as persoas contribuíntes, pois despois de destinaren máis de 9000 millóns de euros de recursos públicos para o seu saneamento, a venda en réxime de poxa só permitiría recuperar unha parte moi pequena do diñeiro público investido.

A todo isto hai que sumar a eliminación de oficinas bancarias que afectaría gravemente aos núcleos que se atopan fóra das grandes poboacións e que acotío sofren a redución de servizos de que gozaban por viviren en vilas e aldeas do rural, privados de servizos e incrementando a súa dependencia con custosos desprazamentos e perdas de tempo a outros núcleos urbanos, vilas ou cidades, resultando o acicate definitivo para abandonar o rural ao quedar desprovistos dun servizo recibido desde hai moito tempo,

Do mesmo xeito, de producirse unha venda a entidades estatais, como se aposta dende o FROB, a desaparición de empregos e vinculación territorial sería total, o que suporía un enorme número de despedimentos, xunto cunha desvinculación total das necesidades económicas galegas.

Por todo o exposto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción dos seguintes

ACORDOS

Instar a Xunta de Galicia a

- 1. Demandar do FROB que paralice a decisión de vender Novagalicia Banco por ser unha entidade financeira sistémica para Galiza.*
- 2. Demandar do Congreso dos Diputados aprobar as reformas legais necesarias para que sexan consideradas sistémicas tamén as entidades financeiras con presenza significativa en ámbitos territoriais determinados, como o caso de NCG Banco, a fin de que se manteñan como entidades independentes cara o futuro e con capacidade de decisión propia.*
- 3. Oporse ante o Goberno do Estado a calquera tentativa de venda a outra entidade que supoña a perda do seu vencello territorial con Galiza.*
- 4. Defender a permanencia de Novagalicia Banco como entidade financeira galega independente, estudando a alternativa da súa transformación nun Banco Público Galego.*
- 5. Exercer as potestades que ostenta sobre Novagalicia Banco para que as persoas adquirentes de participacións preferentes das extintas caixas de Aforro poidan recuperar inmediata e integramente a totalidade dos seus aforros.*

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación por unanimidade dos dezasete membros que compoñen a Corporación, acorda:

- 1. Demandar do FROB que paralice a decisión de vender Novagalicia Banco por ser unha entidade financeira sistémica para Galiza.*
- 2. Demandar do Congreso dos Diputados aprobar as reformas legais necesarias para que sexan consideradas sistémicas tamén as entidades financeiras con presenza significativa en ámbitos territoriais determinados, como o caso de NCG Banco, a fin de que se manteñan como entidades independentes cara ao futuro e con capacidade de decisión propia.*
- 3. Oporse ante o Goberno do Estado a calquera tentativa de venda a outra entidade que supoña a perda do seu vencello territorial con Galiza.*

4. Defender a permanencia de Novagalicia Banco como entidade financeira galega independente, estudando a alternativa da súa transformación nun Banco Público Galego.
5. Exercer as potestades que posúe sobre Novagalicia Banco para que as persoas adquirentes de participacións preferentes das extintas caixas de aforro poidan recuperar inmediata e integramente a totalidade dos seus aforros.

14º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSG-PSOE DE REXEITAMENTO Á SUBA DO CANON POLO TRATAMENTO DO LIXO DE SOGAMA

Dona Marta Freire indica que hai que buscar unha alternativa a subida do canon de SOGAMA. Dá lectura a continuación a súa moción que literalmente di:

«O **Grupo Municipal do PSdeG – PSOE de Moaña**, en base ó disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e demais normativa de aplicación, presenta **MOCIÓN** relativa a “**INSTAR Á XUNTA DE GALICIA A DESISTIR DA PRETENSIÓN DA SUBA DO CANON POLO TRATAMENTO DO LIXO NA PLANTA DA SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE (SOGAMA)**”, con base na seguinte **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

No proxecto de Lei de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014, presentado pola Xunta de Galicia, e en concreto na Disposición Adicional 21ª, Dous, preténdese a revisión do canon unitario de tratamento por tonelada de lixo, a percibir pola Sociedade Galega de Medio Ambiente, pasando este a alcanzar un importe de 74,64 €/Tonelada métrica tratada, mais IVE.

Na actualidade o importe que abonan os 296 concellos galegos, que utilizan os servizos de SOGAMA, é de 55,91 €/Tonelada métrica tratada, mais IVE, co cal, de aprobarse definitivamente a pretensión da Xunta de Galicia, o canon se incrementaría nun 33,5%.

Non resulta comprensible, nin aceptable que unha sociedade do sector público autonómico galego como SOGAMA, adscrita á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, na que a Xunta de Galicia ten o 51% do capital social, se plantee unha subida do canon para obter uns beneficios no ano 2014 de 6.624.160€.

Esta proposta, tendo en conta a terrible situación económica da maioría dos concellos os cales están a sufrir unha importante diminución dos seus ingresos, de levarse a cabo provocaría que a xa penuria do municipalismo galego sexa moitísimo maior.

A Xunta de Galicia, en vez de demandar compensacións ó Goberno central polos recortes que sufrirá SOGAMA nas primas pola coxeneración eléctrica, optou pola solución socialmente mais inxusta: incrementar o canon, obrigando ós Concellos a subir o canon que deberán abonar os seus veciños polo tratamento do lixo.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal Socialista de Moaña, propón ó Pleno municipal a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

1º. Requerir ao Presidente da Xunta de Galicia a urxente retirada da proposta de incremento do canon por tratamento de residuos, recollida na Disposición Adicional 21ª, Dous, do proxecto de Lei de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014.

2º. Requerir ó Presidente da Xunta de Galicia e ó Presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias a creación e posta en marcha dunha mesa de negociación, na que, coa presenza e colaboración de SOGAMA, se estuden os custos reais do tratamento de residuos dos concellos e que baixo ningún concepto repercuta nos usuarios.

Voceiro do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE»

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos dezasete membros que compoñen a Corporación, acorda:

1º. Requirir ao presidente da Xunta de Galicia a urxente retirada da proposta de incremento do canon por tratamento de residuos, recollida na disposición adicional 21ª, dous, do proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014.

2º. Requirir ao presidente da Xunta de Galicia e ao presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias a creación e posta en marcha dunha mesa de negociación, na que, coa presenza e colaboración de SOGAMA, se estuden os custos reais do tratamento de residuos dos concellos e que baixo ningún concepto repercute nos usuarios e nas usuarias.

15º.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se producen.

E non tendo outros asuntos que tratar, o Sr. Alcalde acorda rematar a sesión ás 21.52 horas co que se dá por terminado o acto, redactándose a presente acta que asina o Sr. Alcalde-Presidente, comigo secretario, de todo o cal eu dou fe.

Vtº E PRACE
O ALCALDE

O SECRETARIO

Asdo.: José Ferverza Costas

Asdo.: Adamantino Barreiro García